



ACTA DA ASEMBLEA XERAL DA ASOCIACIÓN GALEGA CONTRA O ACOSO MORAL (AGACAM) CELEBRADA O 30 DE MARZO DE 2017

Previa convocatoria, acordada o 7 de marzo de 2017 pola Xunta Directiva, celébrase Asemblea Xeral da AGACAM o xóves, 30 de marzo de 2017 na sala de reunións do antigo Colexio Curros Enríquez, na parroquia de Maniños en Fene (A Coruña), coa asistencia dos/as socios/as relacionados no anexo I.

Iniciada a xuntanza as 18:00 horas, procédese á exposición, debate e acordo dos seguintes asuntos previstos na orde do día:

1.- Informe e ratificación da memoria de actividades desenvoltas no ano 2016.

A presidenta informa da realización das actividades seguintes:

- Redacción, aprobación e rexistro dos Estatutos da Asociación galega contra o acoso moral (AGACAM) consonte a Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación.
- Tramitación da modificación de nome da AGACAM no rexistro de asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia
- Xestión do novo CIF de AGACAM
- Inscripción da AGACAM no rexistro de Asociación do Concello de Santiago
- Cancelación conta AGACAM Banco Pastor e apertura de nova conta Caixa Rural
- Solicitud de locais para asociación na Casa das asociacións do Benestar do Concello de Santiago e no Concello de Ferrol
- Consulta sobre normativa de protección de datos a la Agencia Española de Protección de Datos
- Presentación da AGACAM Colexio de psicólogos de Galicia
- Presentación da AGACAM Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia
- Colaboración con Dona Beatriz Calavia, avogada especialista en bulling
- Colaboración con psicólogas para elaboración dun plan para a prevención e atención ao acoso escolar



- Negociación e sinatura dun Convenio de colaboración entre o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia e AGACAM
- Comunicación con procuradora para acordo de convenio
- Acollemento e información das vítimas de acoso moral que se achegaron a AGACAM na procura de apoio e axuda
- Reunións semanais, xoves de 18:00 a 20:00 horas, de terapia de grupo e de encontro entre vítimas de acoso, dirixidas cara a mellora da súa capacidade de relación interpersoal, a súa asertividade e autoestima
- Asistencia ao Comité de intervención constituído o abeiro do Protocolo contra o acoso laboral na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia

Os presentes aproban por unanimidade a memoria de actividades do ano 2016 que se xunta á presente acta como anexo II.

2.- Informe da tesourería e aprobación do balance de ingresos e gastos correspondentes ao ano 2016

A assemblea xeral de socios aproba por unanimidade o balance de ingresos e gastos do ano 2016 exposto polo tesoureiro que se xunta a presente acta como anexo III.

3.- Presentación e aprobación do plan de actividades a desenvolver no ano 2017

A presidentita propón desenvolver ao longo do ano 2017 o seguinte plan de actividades:

- Acollemento e información das vítimas de acoso moral que se acheguen a AGACAM na procura de apoio e axuda
- Reunións semanais, xoves de 18:00 a 20:00 horas, de terapia de grupo e de encontro entre vítimas de acoso, dirixidas cara a mellora da súa capacidade de relación interpersoal, a súa asertividade e autoestima
- Asistencia ao Comité de intervención constituído o abeiro do Protocolo contra o acoso laboral na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia a solicitude de interesados
- Celebración da I Xornada Galega contra o acoso escolar en colaboración co COTSG



- Presentación da AGACAM a Escola de práctica xurídica e valorar posibles canles de colaboración
- Toma de contacto e análise de posibilidades de colaboración coas ANPAS galegas na celebración da I Xornada Galega contra o acoso escolar
- Contactos cos representantes dos partidos políticos galegos para facerlles chegar as demandas das persoas socias de AGACAM para a súa consideración normativa
- Programación dunha Xornada Galega sobre acoso no traballo
- Procura de financiamento para a celebración da I Xornada Galega contra o acoso escolar en colaboración co COTSG
- Tódalas que sexan necesarias para o bo funcionamento da AGACAM e o cumprimento dos seus fins
- Seguimento e avaliación da actividade desenvolta polo Comité de intervención constituído o abeiro do Protocolo contra o acoso laboral na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia

Previo debate polos asistentes apróbase por unanimidade o plan de actividades para o ano 2017 que se xunta á acta como anexo IV.

4.- Rogos e preguntas

Se propón e acorda por unanimidade solicitar unha entrevista co Colexio Oficial de Educadores Sociais de Galicia para plantexarlle posibles vías de colaboración.

Ao coñecer que aínda se mantén activa en Abanca unha conta ao nome da Asociación Galega Contra o Acoso Moral no Traballo (AGACAMT), aberta en Vigo fai anos por acordo da Xunta Directiva presidida por Eva Ventín, se acorda por unanimidade cancelala.

Logo de agradecerla asistencia aos presentes a presidenta da por rematada a Asemblea Xeral ás 20:15 horas.